



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

COMUNICADO DA DIRECTIVA

Aproveitando para saudar e informarvos abrindo esta nova vía de comunicación; comentar que nas pasadas semanas mantivemos unhas **xuntanzas cos actuais Directores Xerais** e das que a continuación vos informamos:

Nas Direccións Xerais de Medio Rural (DX Defensa do Monte e DX de Prod. e Ord. Forestal) están organizando unha separación funcional de “Montes e Incendios”, co cal nos veremos dalgunha maneira afectados.

Resumo da reunión de presentación co Director Xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez.

- 1.- Están a estudar un **cambio na organización territorial do servizo** que afectará aos Distritos.
- 2.- A Dirección Xeral de Defensa do Monte **quere apostar pola especialización das BIIF**, con dependencia directa da Dirección Xeral.
- 3.- Están organizando o **reparto de persoal coa Dirección Xeral de Panificación e Ordenación Forestal**, para, entre outras cousas, **dar saída á segunda actividade**, pero non se sabe como se vai facer, xa que terá que ser **obxecto de negociación**.
- 4.- Queren **dar moita formación e apostar pola especialización, tecnoloxía e uso de aplicacións informáticas**.
- 5.- Todos estes procesos de modificación, **aínda teñen que pasar pola negociación sindical, por Función Pública e por Facenda**. Para **despois da campaña** iremos sabendo máis cousas.
- 6.- **Os axentes da D.X. de Defensa do Monte estarán adicados en exclusividade á prevención e extinción de incendios forestais**.



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

Resumo da reunión de presentación co Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luís Chan.

- 1.- Están a estudar un **cambio na organización da Dirección Xeral**, xa que queren ter **axentes para traballar todo o ano** e non depender de condicións climáticas e da falla de persoal na época de alto risco.
- 2.- A intención é montar unha **estrutura máis simple**, que está pendente da reorganización da Consellería. O interese tamén está en **fomentar o carácter de Axentes da autoridade e a labor de extensión forestal**.
- 3.- Expuxémoslle e solicitámoslle que os axentes que se especialicen en Montes non deberían sufrir merma económica. No cal coincide o D.X. Considéranos persoal fundamental e a ter en conta dentro do organigrama.
- 4.- Os prazos de tempo para estes cambios agardan poñelos enriba da mesa de cara ao **último trimestre do ano**.
- 5.- Queren que os axentes desta D.X. se **especialicen para a vixilancia, control de pragas, control de aproveitamentos, cumprimento da lexislación vixente, ordes de subvención; así como supervisión dos futuros modelos de xestión**.
- 6.- Tamén queren facer unha **aposta forte pola nosa formación e polas novas tecnoloxías co fin de mellorar a profesionalización do traballo**.
- 7.- **Con respecto ao CORPRI**, comentaron que están traballando en **melloras substanciais e actualizacións para poder facelo máis manexable**.
- 8.- Están xa ultimando unha nova APP para que os compañeiros da CMATV teñan acceso aos permisos de corta, condicionantes das mesmas, etc.
- 9.- **E por último, transmitíronnos tranquilidade e que contan con nós sendo parte fundamental destas dúas Direccións Xerais**.

30 de marzo de 2021

A DIRECTIVA